

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA E FLUVIAL (CULTURMAR) PARA O XVII ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA

Dunha parte, José Carlos López Campos, na súa condición de conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia.

Doutra, José Luis Sacau Fontenla, con NIF 36071659T, na súa condición de presidente da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (Culturmar), CIF G36231561, actuando en nome e representación da entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e,

EXPOÑEN:

Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia cultural.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro de ese ámbito competencial, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude desenvolve unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega; mediante a programación de actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar



unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, por medio do desenvolvemento de actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.

Con este convenio asegúrase a realización de diversas manifestacións da cultura galega levados a cabo por entidades culturais que queren dar a coñecer a cultura galega, fomentando a intercomunicación na nosa lingua, entre os autores e o seu público, promocionando a nosa cultura dentro e fóra do noso país coa organización de encontros e actividades que permitan un maior coñecemento dela.

A Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (Culturmar) nace no ano 1993 ao abeiro dunha xuntanza de embarcacións tradicionais celebrada en Ribeira co obxectivo de defender, divulgar e dinamizar o Patrimonio Marítimo de Galicia (mais adiante tamén Fluvial), particularmente as embarcacións tradicionais que o integran.

Constituíuse en 1994 e está inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións co número F-1746 e no Rexistro Central de Asociacións de Galicia co número 2007/000185-2 (SC).

Culturmar ten como principais fins os seguintes:

- a salvagarda da cultura e do patrimonio dos mares e dos ríos de Galicia así como das súas costas e ribeiras;
- o fomento do uso social do patrimonio marítimo e fluvial e a dinamización do mesmo.

Para levar a cabo ditos fins, Culturmar desenvolve accións encamiñadas a acadar os seguintes obxectivos:

- coordinar e asesorar as actividades de inventariado, investigación, conservación e restauración levadas a cabo polas asociacións federadas;
- facilitar a xestión das asociacións diante das Administracións;
- servir de enlace entre as asociacións federadas;



- fomentar actividades de animación cultural e prácticas deportivas;
- difundir a cultura marítimo-fluvial entre a xuventude e o fomento da súa participación.

As actividades que desenvolve abranguen tanto a elaboración de estudos teóricos sobre as embarcacións, a realización de exposicións en mostras de patrimonio cultural e natural, a edición de libros e monografías, a publicación periódica da revista de cultura mariñeira Nova Ardentia, a organización de xornadas técnicas e seminarios relacionados co patrimonio natural de cultural e, principalmente, eventos públicos para a divulgación das embarcacións tradicionais, entre os que destaca o Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia.

Desde o seu inicio Culturmar caracterizouse pola realización das seguintes accións:

- recuperación de embarcacións e tipoloxías tradicionais;
- realización de investigacións no eido patrimonial costeiro e marítimo;
- dinamización das embarcacións mediante a organización de regatas e exhibicións conxuntas;
- difusión do patrimonio marítimo e fluvial galego;
- fomento do asociacionismo cultural nas vilas e lugares costeiros.

Culturmar tamén participa en proxectos de investigación e desenvolvemento. Xunto coa participación nestes proxectos, compre destacar o seu papel relevante dentro da asociación European Maritime Heritage (EMH).

Fóra das fronteiras galegas, Culturmar levou a cultura e o patrimonio galego a Bretaña, participando de xeito oficial na Fête Maritime de Brest dos anos 2008 e 2012; así como en diversas participacións na xuntanza de Douarnenez; asemade foi convidada ao Festival "Arcu Atlanticu" en Xixón, á Rebel Raid'14 en Corcaigh (Irlanda), ao Itsas Festibala de Pasaia (2018 e 2022) e a outros eventos arredor da cultura marítima en Portugal e no Mediterráneo, entre outras.



Actualmente Culturmar está integrada por 44 colectivos, que inclúen asociacións deportivas, culturais, veciñais, etnográficas e mesmo colexiadas. Por provincias a súa distribución é a seguinte:

- Lugo: 3
- A Coruña: 14
- Pontevedra: 26
- Portugal: 1

Culturmar organiza desde o ano 1993 o **Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia** (<https://Culturmar.org/encontros/>), evento que figura rexistrado na Oficina Española de Patentes e Marcas do Ministerio de Industria e Comercio (nº Rex. 2.934.424).

Consiste nunha conmemoración marítima bienal e itinerante que congrega ás diferentes tipoloxías de embarcacións tradicionais representativas do patrimonio marítimo galego, así como doutras zonas xeográficas, acompañada de actos culturais e de lecer, xornadas de conferencias, coloquios, exposicións, publicacións, música e danza tradicional, artesanía, e un longo número de actividades complementarias dirixidas ao público asistente.

Culturmar acordou en asemblea celebrada o día 9 de marzo de 2024, escoller como sede do XVII Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia a vila de Ribeira, logo de valorar o proxecto presentado pola Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Doma.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS



PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións

É obxecto deste convenio establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (Culturmar) para a celebración do XVII Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia que terá lugar do 17 ao 20 de xullo de 2025 na vila de Ribeira.

Obxectivos xerais:

- Amosar a diversidade do patrimonio marítimo-fluvial mediante a súa exhibición ordenada e o seu uso.
- Concienciar ao público asistente sobre a necesidade de salvagardar o patrimonio cultural e natural, materializado en especial nas embarcacións tradicionais.
- Fomentar marcos normativos que propicien a salvagarda de tipoloxías tradicionais, xunto coa investigación encamiñada á construción de modelos de tipoloxías xa extintas.
- Fomentar o intercambio de experiencias con outras asociacións peninsulares e europeas.
- Incentivar a inclusión, fomentando a participación de colectivos con diversidade funcional ou sensorial.
- Fomentar a participación e a inclusión de entidades públicas, entidades cívicas, profesinais ou empresas.

Obxectivos locais:

- Promover marcos de colaboración entre a Cofradía da Doma e o resto de colectivos e asociacións de Ribeira para o desenvolvemento de actividades vinculadas ao Encontro.



- Favorecer a expansión social da cultura marítima e da actividade da Cofradía da Doma na súa contorna social natural.
- Promover a posta en valor do patrimonio cultural e natural de Ribeira mediante o fomento de accións a desenvolver durante o Encontro.
- Favorecer a salvagarda das embarcacións tradicionais ribeirenses que permanecen vivas para a súa posta en valor e ao servizo social e divulgativo.
- Promover marcos de colaboración con institucións locais como o Concello, ou de maior ámbito, como a Deputación da Coruña, as Consellarías ou Portos de Galicia, para favorecer a visibilidade das embarcacións tradicionais radicadas en Ribeira e a oferta de actividades ligadas á cultura do mar.

Orzamento das actuacións subvencionadas:

CONCEPTO SUBVENCIONADO	ORZAMENTADO (IVE INCLUÍDO)
Actuacións musicais: concertos	5.142 €
Ludoteca infantil (obradoiros e xogos tradicionais mariñeiros)	3.467 €
Espectáculos infantís e familiares (música, teatro, circo, narrativa..)	6.413 €
TOTAIS	15.022 €

O representante de Culturmar declara expresamente que: *“a proposta económica reflexa os importes orzamentados a día de hoxe nas distintas partidas, polo que estas cantidades poderían variar lixeiramente”*.



De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades porque se trata dun encontro cunhas características especiais que o fai único en Galicia, motivo polo que a Consellería o decide potenciar.

O Encontro, de periodicidade bienal e carácter itinerante por distintos portos de Galicia, é una das manifestacións da cultura marítimo fluvial máis importantes das que se celebran na península Ibérica tanto polas súas características como polo importante número de embarcacións e tripulantes que nel participan. Ten, así mesmo, carácter internacional, pois ademais de representacións do País Vasco ou Cataluña, é constante nas últimas edicións a asistencia de delegacións doutros países europeos tales como Portugal, Irlanda ou Croacia.

Por todo o anterior, Culturmar é a que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida, sendo estas actividades, con estas especiais características, as únicas que se desenvolven na nosa Comunidade Autónoma.

Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Dirección Xeral de Cultura, para o ano 2025, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

SEGUNDA.- Obrigas da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (Culturmar)

A Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (Culturmar) comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á



lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

A Federación deberá dar cumprimento das obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

A Federación ten a obriga de prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

A Federación deberá presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 de protección de datos, na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

De acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a beneficiaria deberá presentar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria. Esta declaración deberá presentarse antes da sinatura do convenio.



A Federación comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

TERCEIRA.- Financiamento e compatibilidade

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude comprométese a aboar á Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (Culturmar) a cantidade de 15.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 10.03.432B.781.1, código de proxecto 2015 00372.

Esta cantidade, 15.000 €, trátase dun importe certo, quedando por conta da beneficiaria a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula primeira, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

Conforme o disposto no artigo 40.1.d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtido sobre o



custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

CUARTA.- Xustificación dos gastos e pagamento

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007. A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é o 30 de novembro de 2025.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

A Federación presentará electronicamente a xustificación da subvención, coa data límite establecida e incluírá a seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Indicar o número de asistentes.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:
 - Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, do importe, data de emisión e data de pagamento. Deberá figurar a suma de cada concepto e ao final, o total dos gastos.
 - As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.



- Unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia. No caso de non ter solicitado e/ou non ter recibido outros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, deberán de presentar unha declaración responsable neste sentido.
- Os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os abone efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda. Na xustificación deberase indicar si son ou non susceptibles de recuperación.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei de contratos do sector público, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á solicitude da subvención.

Subcontratación:

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso queda fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incorrer a entidade para a realización por si mesma da actividade subvencionada.



De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2025, dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que a Federación non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

QUINTA.- Pagamentos anticipados e á conta

A Federación poderá solicitar pagos anticipados de ata o 50% do importe da subvención concedida, de acordo co disposto no artigo 63.1.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

No caso de que a Federación solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

A Federación tamén poderá solicitar pagos a conta, artigo 62 do Regulamento de Subvencións de Galicia, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.

O importe conxunto dos pagos a conta e dos pagos anticipados que se concedan non poderá exceder do 80 %, ou sexa 12.000 €.

O artigo 65.1 do Regulamento de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando se prevexa a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; o apartado 4.f) do devandito artigo exonera de constitución de garantía entre outros aos beneficiarios



de subvencións con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, destinadas a familias e institucións sen fins de lucro; o apartado 4.i) do devantido artigo exonera de constitución de garantía aos beneficiarios das subvencións concedidas cando os pagamentos non superen os 18.000 €.

SEXTA.- Comisión de Seguimento

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo director xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e polo presidente da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (Culturmar).

SÉTIMA.- Causas de resolución e modificación do convenio

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando concorran algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Segundo o disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico:

"Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade e Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade e financeira.

Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución."

OITAVA.- Publicidade e rexistro do convenio



As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Federación acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

NOVENA- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos



persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

DÉCIMA.- Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

DÉCIMO PRIMEIRA.- Xurisdición

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.



DÉCIMO SEGUNDA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO TERCEIRA.- Vixencia

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2025, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2025.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude e O presidente da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (Culturmar)

José Carlos López Campos

José Luis Sacau Fontenla

